

Marco Paone entrevista a Xesús Manuel Valcárcel

Xesús Manuel Valcárcel (Lugo, 1955) é catedrático de Lingua galega e literatura de EEMM e desenvolveu diferentes actividades na Administración educativa. Ten unha longa traxectoria como escritor, tanto de poesía como de ensaio e narrativa, recibindo diferentes premios e recoñecementos: Celso Emilio Ferreiro, por *Emáin*; Leliadoura, por *Rosa clandestina*; Esquíó, por *A porta de lume*; Galicia de narrativa, por *Contos Nocturnos*; Nacional da crítica española, por *O capitán Lobo Negro*, entre outros. Nos últimos anos desenvolve un papel activo na difusión e produción da literatura, grazas á Editorial Bubela SL, e foi o teórico e fundador do movemento **SENTIMENTALISMO**, concretado nas tres *antoloxías de referencia* (*Fundación, Implantación e Expansión*) que marcan a súa dirección a través da creación de poetas de diferentes idades.

O terceiro manifesto dos fundamentos teóricos do SENTIMENTALISMO titúlase Rebelde Stil Novo (Burela Editorial, 2010), cunha evidente referencia á proxenie da lírica italiana. A 750 anos do nacemento de Dante Alighieri, cal é aínda o seu legado na actualidade? E cal é a necesidade de propoñer un rebelde stil novo?

O legado de Dante é atemporal e universal. Tan importante é que marcou as pautas de toda a poesía occidental e non se comprenden poetas como Shakespeare, Quevedo, Verlaine, Rosalía de Castro ou Noriega Varela sen ter en conta os poetas que Francesco de Sanctis aglutina arredor do dolce stil nuovo... Que queremos cambiar, logo, e por que Rebelde? O *rebelde stil novo* estima e valora, como non podería ser doutra maneira, toda esa tradición e aproveita precisamente a súa importancia para rebelarse, non contra ela, senón contra o uso e abuso que se está a facer dos seus principios. O platonismo amoroso de Dante, e a súa concepción como itinerario de perfección amorosa -tamén presente na lírica provenzal e na galego-portuguesa medieval- converteuse no Día dos namorados, un negocio vulgar. É contra esa banalización e contra esa vulgarización que nos rebelamos.

No primeiro ensaio, publicado en 1997, Animal sentimental, vostede fala dunha crise epistemolóxica da tradición racionalista occidental. Porén, xa daquela sinalaba a vivencia dunha etapa de crise, que se concretaba no desequilibrio entre a supremacía da economía, os avances científicos e os sistemas de convivencia. Cal é a súa opinión tras case vinte anos daquelas palabras e á luz dos acontecementos locais e internacionais aos que asistimos? En que sentido o SENTIMENTALISMO pode ser revolucionario?

O SENTIMENTALISMO é un movemento profundamente revolucionario porque coloca a persoa - e non a organización nin a sociedade como facía o marxismo- en primeiro plano. A persoa ten que ser o centro de calquera acción verdadeiramente revolucionaria. Iso tirlle protagonismo á política -son moi consciente- e outórgallo ao individuo, ao cidadán. Por suposto que defendemos causas políticas como a Declaración dos dereitos humanos (1948), a transparencia e honradez na xestión, o internacionalismo, o límite na duración dos mandatos e moitas outras, pero tamén causas máis directamente humanas, que afectan a persoa dun xeito máis concreto... 'personalizado' poderíamos dicir: asociación contra o acoso, asociación contra o maltrato, ecoloxía sostible, aprendizaxe

consciente e, especialmente, o valor e a importancia da espiritualidade como parte fundamental do ser humano. Atendemos das persoas para atender da política.

En que medida a vía do coñecemento emocional pode ter efectos dende una perspectiva individual para impulsar un cambio de valores na sociedade? É posible en tempos de crise económica defender a arte como proxecto vital?

O coñecemento sentimental (diferenciamos emocións de sentimentos) é unha vía moi profunda que afecta a persoa naquilo que máis lle importa. Rexeitamos o diñeiro como único valor e combatemos unha sociedade que consideramos alienante e embrutecedora; o coñecemento sentimental abre as portas do espírito á realidade, en primeiro lugar, e despois ás posibilidades de realización que ofrecen a sinxeleza, o hedonismo e o sentido do humor. É precisamente en tempos de crise económica cando estes postulados, a través da arte como proxecto vital, adquiren pleno significado. Téñeno sempre porque todas as épocas son de crise... pero especialmente cando máis oprimen os ferrollos, porque máis necesaria é a apertura de portas e ventás. Tamén para desabafar.

En termos de recepción e difusión, a proposta do SENTIMENTALISMO está tendo a acollida esperada?

Acollida extraordinaria! Hai máis persoas chamando á porta (coas mans e cos pés, coma os romanos) das que podemos atender. A dirección preservou sempre, a través dun Consello Editorial, o carácter de vangarda do Movemento, un clube restricto e elitista. Isto non sempre foi ben comprendido. O certo é que de momento non interesou nin ampliar a nómina de autoras e autores nin a base social: por temor ao descontrol en parte pero, sobre todo, para evitar a terxiversación da mensaxe e a súa adulteración. Este é un asunto que nos preocupa moito.

No terceiro manifesto, lese que a poesía se postula como “manifestación artística de vangarda”, que, por un lado, rexeita o encorsetamento das formas cultas, da ortodoxia retórica e das estruturas predeterminadas, e por outro, explora as potencialidades do ritmo, do símbolo e da alegoría na procura do diálogo co lector empírico e da comunicación co mundo exterior e mesmo transcendental. Respecto á outra sentimentalidad avanzada dende Granada en 1983, que marcou un xiro na poesía española dos anos oitenta e noventa, cales son os aspectos que as dúas poéticas comparten e os que as distancian?

Nin na súa xénese nin nos postulados nin no proxecto temos nada que ver con *otra sentimentalidad* nin coa *poesía da experiencia*. Ata onde eu coñezo esas propostas son, basicamente, estéticas. O SENTIMENTALISMO é unha teoría filosófica sobre a arte, unha teoría social revolucionaria e unha teoría espiritual unificadora. A cerna fundamental do noso ideario é a dimensión espiritual, da que é mostra a última publicación: *Antoloxía transcendental* (2015). Son por tanto nocións, propostas e proxectos completamente diferentes.

Do punto de vista estético, non rexeitamos as formas cultas pero si o encorsetamento. O *rebelde stil novo* combate todos os factores que limitan a liberdade do creador, en poesía as ‘formas previas’, o que nós denominamos ‘sonetismo’, como símbolo dos aprioris que pretenden determinar tanto a arte como a vida. O *rebelde stil novo* é a expresión dunha ansia de liberdade extrema. É o creador

quen decide as súas propias pautas, marxes e estruturas, non as acepta como unha condición previa. Creamos a partir do 'ritmo interno', é dicir, apreciando todas as pulsións que inspiran a obra e dándolles a forma que piden, sen corsés predefinidos, porque entendemos que cada obra demanda formas diferentes, e que esas autoimposicións do creador serven para trasladar de maneira máis completa, eficiente e brillante a mensaxe. Tamén rexeitamos a retórica baleira e o cripticismo inintelixible. A mensaxe demanda forma... pero ten que haber mensaxe.

O SENTIMENTALISMO atopou a súa concreción en tres antoloxías de referencia que poñen en conexión a autores galegos de diferentes idades e traxectorias. A antoloxía segue sendo un instrumento útil para a lectura e a escritura da historia literaria?

Penso que si, foi a maneira que acordamos para botar a andar o Proxecto e tamén a fórmula para implicar a autoras e autores, de diferentes idades, debaixo dun marbete común. As etapas de Fundación, Implantación e Expansión foron xurdindo de feito arredor das antoloxías e a través delas, grazas a un traballo excelente, magnífico, das persoas que colaboraron.

Vostede ten un longo percorrido literario, unha escritura que é “infinita comprensión / para todos os seres”, “seguindo os ditados / doutros que me habitan”: quen son estas outras voces que compoñen a súa escrita? Cales son as súas referencias literarias?

Coido que todos os autores escribimos desde a alteridade, en tanto condición e capacidade para ser outro, distinto. No que atinxe ás miñas referencias literarias, son tantas tantísimas que renuncio a dar unha listaxe inabarcable de nomes. Van por épocas, depende. Dos italianos foron moi importantes para min Pavese, Calvino e singularmente Dino Buzzati, entre outros moitos.

Xavier Lama, na introdución á antoloxía que remite aos poetas máis novos, recupera estes versos de Ismael Ramos como “involuntario manifesto xeracional” do actual sentimentalismo: “Falabamos da dor / sen case estragarnos. / Como unha circunstancia. / A finalidade en calquera caso sería / matar o aburrimiento. / Que pasase algo. / Sentir algo”. En que medida hoxe hai necesidade de sentir algo?

Sentir é coñecer. A importancia dos sentimentos, e das motivacións sentimentais, está fóra de dúbida. Pero é verdade que esta sociedade induce ao pasotismo e á anomia. Por iso no SENT falamos de Aprendizaxe consciente, que é unha aprendizaxe sentimental e transcendental, unha práctica e un ideario completos de liberación persoal. O SENTIMENTALISMO é un método, non vende solucións instantáneas e, nesa Aprendizaxe, cada persoa é a única responsable dos seus progresos ou fracasos.

No ronsel dos versos de Ramos, visto o momento histórico dentro e fóra da península ibérica, pensa que en termos sociais e políticos hai unha converxencia na dinámica do cambio coa simple intención de “que pase algo”?

Oh tempora oh mores! As 'ofertas de cambio' forman parte da mercadotecnia política. Pero aínda que parezan cans de diferentes razas, son todos moi parecidos. É un supermercado máis. Quen controla realmente os centros de decisión coñece a importancia de ofrecer 'alternativas formalmente diferentes' pero que, no fondo e na praxe, non o son tanto. Por iso considero tan importante dirixirse á persoa, que é sempre moito máis complexa que calquera ideoloxía. Cambiar a persoa si é un cambio obxectivamente revolucionario. Todas esas dinámicas orientadas a "que pase algo" propician 'cambios cosméticos', aparencias de cambio. Son un espectáculo gratuíto. Pero nesta vida non hai nada gratis. Para operar un cambio de verdade ten que cambiar a persoa, e pagar por suposto un prezo, porque ninguén dá nada. E para que se produza ese cambio, as persoas están necesitadas de referencias sólidas, de teorías coherentes e serias, e de compromisos firmes. Aquí o SENTIMENTALISMO!